

Asumindo o Servizo Galego de Saúde as responsabilidades de prescrición e avaliación da farmacoterapia así como o uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, en desenvolvemento do artigo 13 do DECRETO 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, constitúese, pola orde Orde do 9 de abril de 2010, a Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT), como órgano interno de asesoramento da Consellería de Sanidade, que ten como obxectivo xeral realizar un seguimento da utilización dos recursos farmacoterapéuticos nos centros da rede asistencial do Servizo Galego de Saúde e propoñer estratexias de mellora na xestión eficiente dos mesmos canto a calidade, seguridade e eficiencia do seu emprego, e na equidade de acceso a eles.

De conformidade coas funcións atribuídas á CACFT, e trala reunión celebrada o 12 de marzo de 2026, preséntase o **«Protocolo de tratamento da esclerose múltiple»**. Este texto constitúe a refundición e actualización dos ditames previos nun único marco de referencia (ANEXO I). A elaboración do presente protocolo foi coordinada e supervisada polo Comité de Esclerose Múltiple, garantindo a adecuación aos estándares asistenciais e de seguridade farmacolóxica actuais.

Esta resolución e comunicada nesta data a Comisión de Farmacia e Terapéutica do seu hospital.

Santiago de Compostela,

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica
Alfredo José Silva Tojo

Xerentes das Áreas Sanitarias do Servizo Galego de Saúde